

INFORME DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA USC SOBRE O FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO

Ante o comunicado feito público este martes, 29 de decembro, pola Consellaría de Educación en relación ao financiamento universitario, a USC, sen entrar a comentar as valoracións de carácter difamatorio realizadas no mesmo, si quere poñer en claro algúns datos para que a sociedade á que pertencemos e nos debemos teña información contrastable e veraz.

En todo caso, e aínda que sería preferible máis traballo e esforzo conxunto que contraste público de información e opinións, os responsables da institución compostelá estamos á disposición de quen teña interese en afondar en calquera tema, económico ou doutro tipo, e en particular para informar e debater publicamente cos responsables de Educación da Comunidade Autónoma.

Cifras do financiamento universitario en 2010 en relación con 2009

Ao referirse aos recursos que a Comunidade Autónoma de Galicia achegará ás universidades no ano 2010 a USC quere facer públicas as seguintes cifras extraídas dos Orzamentos e da información subministrada pola propia Consellaría:

- Total de recursos destinados ao financiamento universitario: 424,3 millóns de euros (un 2,39% menos que o ano pasado). Ver cadro adxunto que inclúe comparativa con Andalucía.
- Dese total, os recursos integrados no Plan de Financiamento das Universidades ascenden a 393 millóns de euros, un 2,5% menos que o ano pasado.
- Á súa vez, se dos anteriores recursos integrados no Plan de Financiamento das Universidades se exclúen os que están condicionados -sexenios, complementos e proxectos de I+D-, o resto diminúe case un 6% respecto ao ano pasado. Estes son os recursos que realmente permiten valorar a capacidade financeira das universidades e aos que evidentemente as tres universidades aluden cando falan de recortes.

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA					
Programa	ANO 2008	ANO 2009	variación % ano 2008-09	ANO 2010	variación % ano 2009-10
S. Xeral Educación	12.380.850,00	12.380.850,00	0,00%	12.380.850,00	0,00%
D. Xeral Universidades	343.345.000,00	351.808.000,00	2,46%	362.327.153,00	2,99%
D. Xeral Promoción C e T	18.917.000,00	21.612.000,00	14,25%	0,00	-100,00%
Investigación Universitaria	42.407.000,00	48.898.000,00	15,31%	49.615.327,00	1,47%
TOTAL FINANCIAMENTO	417.049.850,00	434.698.850,00	4,23%	424.323.330,00	-2,39%
PIB	56.419.087,00				
Poboación	2.794.796				
% PIB	0,74%				
Euros/Habitante	149,22				

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ANDALUCÍA					
Programa	ANO 2008	ANO 2009	variación % ano 2008-09	ANO 2010	variación % ano 2009-10
Universidades	1.302.272.165,00	1.330.202.107,00	2,14%	1.331.979.042,00	0,13%
calidade universidades	4.380.335,00	4.206.174,00	-3,98%	4.206.174,00	0,00%
investigación científica e innovación	249.360.197,00	285.222.134,00	14,38%	313.498.658,00	9,91%
TOTAL FINANCIAMENTO	1.556.012.697,00	1.619.630.415,00	4,09%	1.649.683.874,00	1,86%
PIB	149.909.933,00				
Poboación	8.285.692				
% PIB	1,04%				
Euros/Habitante	187,80				

Captación de recursos externos

En 2008, último exercicio liquidado e auditado, a USC captou, fóra dos recursos achegados pola Comunidade Autónoma de Galicia, o 33 % dos seus ingresos, sendo unha das 5 primeiras universidades españolas con maior proporción de recursos captados por riba do financiamento autonómico. Esta porcentaxe de recursos externos prevese podería incluso incrementarse co peche do exercicio 2009. Ademais, a USC captou externamente en 2008 un total de 68,9 millóns de euros para actividades de investigación, desenvolvemento e innovación. Só nese ano a facturación en contratos e servizos de I+D ascendeu a máis de 20 millóns de euros, dos que se beneficiou fundamentalmente o tecido empresarial galego.

Por outra banda, o proxecto Campus Vida da USC foi un dos 9, de máis de 50 presentados, que obtivo o recoñecemento de Campus de Excelencia Internacional, o que supón financiamento ata 2012. Neste primeiro ano os recursos obtidos foron de 11,7 millóns de euros.

Finalmente, a USC capta por vía de mecenado uns 2 millóns de euros anuais. Nun país no que este tipo de achegas son anecdóticas, esta cifra sitúaa, en termos proporcionais, entre as 5 primeiras universidades españolas en captación deste tipo de recursos.

Orzamento 2009 e Campus de Excelencia

Tres notas respecto da información subministrada pola Consellaría:

- Na medida en que o actual goberno non respectou os compromisos establecidos polo anterior, e non concedeu o endebedamento adicional previsto para a USC no ano 2009, durante este exercicio se fixeron novos reaxustes e recortes de gastos, o que supón unha vez máis un debilitamento dos recursos e a competitividade da USC.
- En relación coa información ofrecida respecto da orzamentación ligada ao Campus de Excelencia internacional, a USC orzamentou en 2009 a cantidade de 4,5 millóns de euros para estes programas. A captación final de recursos, sen ter en conta os 7 millóns de Campus Vida, foi de 6,3 millóns de euros, un 140% do orzamentado e non o 31% como di a Consellaría.
- Lembrar así mesmo que a USC audita todos os anos as súas contas así como o seu proceso de execución. Como non pode ser doutro modo, esta información está á disposición da Comunidade Autónoma.

Xestión dos fondos

A USC leva máis de 7 anos facendo un exercicio de contención enorme do seu gasto. Non se trata dun esforzo inocuo; ben ao contrario, supón unha perda de oportunidades e de competitividade claros que prexudican sobre todo á sociedade galega. En todo caso, e como apunte sobre a rendibilidade da institución, aínda recibindo (ver cadro adxunto) só o 70% da media do financiamento público destinado ás universidades públicas polas comunidades autónomas, a USC mantén un nivel de resultados comparable ás mellores universidades españolas, que contan con financiamentos moi superiores. Sirva de claro exemplo a obtención do Campus de Excelencia Internacional.

Aínda na moi precaria situación económica na que ten que desenvolver a súa actividade, a USC reitéralle á Comunidade Autónoma e a toda a sociedade que está disposta a seguir facendo recortes nos distintos capítulos de gasto, máis sacrificios e sobreesforzos, pero non poden ser ata o límite de volverse absolutamente ineficaz e deixar de ser un motor de progreso para unha Galicia que debería esixir dos seus gobernantes e das súas universidades unha aposta máis firme e sen demagoxias cara a unha economía sostible baseada no coñecemento.

Santiago, 30 de decembro de 2009